

AXUDAS PARA CONTRATOS DE PERSOAL TÉCNICO DE APOIO (PTA) - 2024

Prazo solicitude persoas candidatas: do 12/11/2024 a 26/11/2024 ás 14.00 horas (hora peninsular española)

Prazo solicitude UDC: 12/11/2024 a 03/12/2024 ás 14.00 horas (hora peninsular española)

“Resolución de 29 de octubre de 2024 de la Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación, por la que se aprueba la convocatoria 2024 de ayudas para personal técnico de apoyo” (BOE 31/10/2020)

<https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/ayudas-contratos-personal-tecnico-idi-2024/convocatoria>

De acordo co artigo 7.3 da convocatoria, a retribución mínima anual que deberán percibir os técnicos será de 24.300,00 € ou 20.300,00 €, segundo a titulación do persoal contratado, con senllas axudas anuais da Axencia Estatal de Investigación de 18.700,00 € ou 15.600 € polo que o cofinanciamento aproximado requirido para cada un dos contratos é:

	1ª ANUALIDADE	2ª ANUALIDADE	3ª ANUALIDADE	TOTAL COFINANCIAMIENTO
TITULACIÓN UNIVERSITARIA	13.662,80	14.309,89	17.498,27	45.470,96
TÉCNICO SUPERIOR	12.535,64	13.076,24	15.739,77	41.351,65

Os centros de investigación, institutos universitarios, grupos ou unidades de investigación da UDC poden presentar as súas solicitudes para concorrer a esta convocatoria (que será presentada de modo institucional), sempre que asuman o correspondente cofinanciamento (o que implicará indicar, no momento da solicitude, e demostrar, no momento da concesión, que se conta con crédito adecuado e suficiente).

No caso de que algún centro de investigación, instituto universitario, grupo ou unidade de investigación da UDC non poida asumir o correspondente cofinanciamento, a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia estudiará a posibilidade de cofinanciamento dun número moi limitado de PTA en servizos xerais, que se decidirán en Comisión de Investigación. Ábrese un prazo ata o **mércores 20 de novembro 2024 ás 14:00** para enviar unha expresión de interese á Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a investigadores do Servizo de Investigación (coordinacion.investigacion@udc.gal). Estas mostras de interese valoraranse tendo en conta, entre outras cuestións, os criterios de avaliación que figuran no Anexo da convocatoria (https://www.aei.gob.es/sites/default/files/convocatory_info/file/2024-10/00_Resoluci%C3%B3n%20convocatoria%20PTA%202024_FDO_0.pdf)

En virtude do que indica a convocatoria no seu art. 7.4 *“No se concederán ayudas para cofinanciar la contratación de personas para las técnicas experimentales propias de grupos de investigación que únicamente sirvan a los intereses de éstos”*, os grupos ou unidades de investigación deberán canalizar as súas solicitudes a través dun centro de investigación ou dun instituto universitario de investigación.

As propostas, xunto co formulario xerado pola solicitude da persoa candidata, deberán ser enviadas por correo electrónico á Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a investigadores do Servizo de Investigación (coordinacion.investigacion@udc.gal) ata o día **27 de novembro de 2024**.

Para máis información pode poñerse en contacto coa Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores (ext. 5760 coordinacion.investigacion@udc.gal).

A Coruña, na data da sinatura electrónica